



XUNTA DE GALICIA

SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL

MEMORIA ANUAL DE INSPECCIÓN AMBIENTAL

PROGRAMA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2019

ÍNDICE:

Lista de acrónimos

- 1. Obxecto**
- 2. Actuacións realizadas polo Servizo de Intervención Ambiental**
- 3. Persoal da Inspección Ambiental**
- 4. Balance do Programa de Inspección Ambiental**
- 5. Inspeccións realizadas polos Inspectores Ambientais**
- 6. Inspeccións realizadas pola Policía Autonómica de Galicia (UPA)**
- 7. Indicadores Ambientais Programa 2019**



LISTA DE ACRÓNIMOS

AAI: Autorización Ambiental Integrada.

APCA: Actividade Potencialmente Contaminadora da Atmosfera.

COV: Compostos Orgánicos Volátiles.

EDAR: Estación Depuradora de Augas Residuais.

GFO: Garantía Financeira Obrigatoria.

IMPEL: European Union Network for the Implementation and Enforcement of Environmental Law.

IPPC: Prevención e Control Integrados da Contaminación (siglas en inglés).

OCA: Organismo de Control Autorizado.

RAEE: Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos.

RCD: Residuos de Construcción e Demolición.

REDIA: Red de Inspección Ambiental de España.

UPA: Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (Policía Autonómica).

VFU: Vehículos Fóra de Uso / Vehículos ao final da súa vida útil.

1. OBXECTO

Identificar e cuantificar as inspeccións levadas a cabo no ano 2019 e o grao de cumprimento do Programa de Inspección Ambiental 2019.

2. ACTUACIÓNS REALIZADAS POLO SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL

Durante o ano 2019, no Servizo de Intervención Ambiental realizáronse as seguintes actuacións:

2.1. Planificación e Control

- ✓ Elaboración da Memoria do 2018.



- ✓ Elaboración do Balance do Plan de Inspección Ambiental 2013-2018 e da Memoria executiva.
- ✓ Elaboración dos calendarios semestrais de acordo co Programa de Inspección Ambiental 2019 elaborado en decembro de 2018.
- ✓ Revisión do Programa 2019 en xullo.
- ✓ Elaboración de documentos - balance a petición do gabinete.
- ✓ Elaboración da Memoria do 1º semestre de 2019.
- ✓ Elaboración do Programa de inspección ambiental do ano 2020, elaborado en decembro de 2019.

2.2. Formación

- ✓ Seminario Técnico en materia de inspección ambiental, para os inspectores ambientais (febreiro 2019).
- ✓ Seminario Técnico en materia de inspección ambiental para a UPA (febreiro 2019).
- ✓ Curso de Traslados de Residuos para os inspectores ambientais (abril, maio e xuño 2019).
- ✓ Curso de inspección de residuos producidos en EDARs, para a UPA (maio-xuño 2019).
- ✓ Curso *Os Riscos Ambientais. Xestión de Emerxencias Ambientais* (setembro e outubro 2019).
- ✓ Formación de tres novos inspectores ambientais (un de maio a setembro de 2019 e dous de setembro a decembro de 2019).

2.3. IMPEL e REDIA

- ✓ No mes de abril de 2019 rematou o *Twinning* de Georgia do que Galicia foi *Project Leader*
- ✓ Reunións de REDIA en xuño e novembro, da que Galicia ostenta a Presidencia.
- ✓ Participación de inspectores ambientais de Galicia en diversos Grupos de traballo IMPEL (Rede de Inspección Ambiental en Europa).
- ✓ Asistencia os días 5 a 7 de xuño ao proxecto IMPEL *INDUSTRY AND AIR* en Gdansk (Polonia).



- ✓ Encontro e inspección conxunta de 60 persoas de 14 países da rede IMPEL, en Santiago de Compostela en outubro.
- ✓ Participación no proxecto IMPEL *Criteria for the assessment of Environmental Damage*

2.4. Responsabilidade Medioambiental

- ✓ Control e inspeccións das actividades de prioridade 1 que presentaron GFO conforme á Lei de Responsabilidade Medioambiental.
- ✓ Asistencia ás reunións e xornadas convocados pola *Comisión Técnica de Prevención y Reparación de Daños Medioambientales* (CTPRDM).
- ✓ Recepción das declaracións responsables de actividades de prioridade 2 segundo a Orde ARM/1783/2011, de 22 de xuño .

2.5. Xestión e mellora continua

- ✓ Control e análise das inspeccións realizadas pola UPA para, se é o caso, pasar ao Servizo Xurídico por detectarse incumprimento da normativa legal, ou a remisión a outro organismo por ser da súa competencia.
- ✓ Colaboración e coordinación co 112 en relación coa comunicación de emerxencias ambientais e/ou incidencias ambientais.
- ✓ Nova aplicación informática *eGaiama Inspeccións*. A finais de ano dispónse da nova aplicación en fase de preproducción.
- ✓ 1ª Auditoría de Seguimento (en decembro de 2019) da Certificación ISO 9001_2015 da Inspección Ambiental de Galicia.
- ✓ Decreto de Inspección ambiental de Galicia. Finalización do procedemento administrativo de solicitude de informes preceptivos. (Publícase no DOG o 28/01/2020).



3. PERSOAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

Durante o ano 2019 houbo cambios importantes de inspectores ambientais en Servizos Centrais.

O inspector ambiental responsable do programa de residuos transfronteirizos dende principios do ano 2019 ocupa un novo posto na Administración Galega e substitúese por un inspector ambiental de ampla experiencia da Xefatura Territorial de Lugo, que precisou de formación específica durante varios meses.

A finais do primeiro semestre do ano incorporouse unha nova inspectora en Servizos Centrais que ao comezo do cuarto trimestre do ano en curso empezou a facer inspeccións ambientais.

A mediados de xullo do ano en curso confirmouse a redución de 3 inspectores ambientais en Servizos Centrais (Santiago de Compostela). Dous novos incorporáranse a principios de setembro pero sen ningunha experiencia en inspección ambiental.

A formación teórico – práctica dun inspector ambiental precisa dun tempo mínimo de 4 meses para comezar a facer inspeccións ambientais non moi complexas.

O xefe de servizo de Intervención Ambiental dedicou moitas horas á formación dos 3 novos inspectores incorporados (350 horas teórico – prácticas)

No mes de xullo unha xefa de área en Servizos Centrais pasa a ocupar outra praza en Comisión de Servizos.

Finalmente os axentes da UPA que realizan inspeccións ambientais reduciron o tempo dedicado ás inspeccións ambientais, combinando estas tarefas con outras novas funcións asignadas pola Administración Galega.

A situación, para o cómputo de realización de inspeccións, durante o ano 2019 foi:


16 inspectores ambientais, tres deles noveis e un dedicado a traslados transfronteirizos de residuos. Os inspectores ambientais están localizados en Santiago de Compostela e nas catro Xefaturas Territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



4. BALANCE DO PROGRAMA AMBIENTAL

No ano 2019 realizáronse un total de 2130 inspeccións. Nas seguintes gráficas reflíctense o número de inspeccións realizadas polos inspectores ambientais, pola UPA e polos OCA.

INSPECCIÓNS ANO 2019




O maior número de inspeccións corresponde ás realizadas pola Policía Autonómica. Nas realizadas polos inspectores ambientais inclúense as inspeccións a actividades con AAI, de especial complexidade.

As inspeccións de vixilancia ambiental son realizadas por unha entidade autorizada pola Administración para a realización de ensaios e medidas nos campos para os que estean acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC). No ano 2019 en concreto foi no campo dos residuos (produtores de residuos).

Na seguinte gráfica reflíctense as 519 inspeccións realizadas polos inspectores ambientais segundo o tipo de inspección:

INSPECCIÓNS REALIZADAS POLOS INSPECTORES AMBIENTAIS POR TIPO DE INSPECCIÓN

■ Inspeccións programadas actividades non IPPC ■ Inspeccións Non programadas - Oficio
■ Inspeccións Non programadas - Preceptiva ■ Inspeccións Non programadas - Reactiva
■ Inspeccións Non programadas - Seguimento ■ Verificación ambiental




O número total de inspeccións non programadas foi de 258. As programadas foron 261. Estas cifras inclúen tanto as actividades suxeitas a IPPC como as que non o están.

As inspeccións denominadas *verificacións ambientais* son as inspeccións periódicas a actividades IPPC para a comprobación dos condicionantes da AAI, segundo establece a propia normativa IPPC. Estas verificacións ambientais son inspeccións programadas de actividades IPPC e o seu alcance chega, salvo casos excepcionais, a todos os vectores ambientais comprendidos na autorización ambiental integrada (AAI).


Na seguinte gráfica reflíctese unha comparativa do número de inspeccións de actividades Non IPPC, indicadas no Programa de Inspección Ambiental 2019, tanto programadas coma non programadas realizadas polos inspectores ambientais durante o ano 2019:

INSPECCIÓNS REALIZADAS POLOS INSPECTORES AMBIENTAIS



Na seguinte gráfica reflíctese a mesma comparativa para as inspeccións realizadas pola UPA:

INSPECCIÓNS REALIZADAS POLA UPA



As inspeccións non programadas realizadas pola UPA corresponden a denuncias e investigación policial. O número de inspeccións previstas para o ano 2020 foi rebaixado, e prestarase atención ao número delas realizado este ano así como ao histórico de anos anteriores.



Se se trasladan estes datos a unha porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co programado, obtense a seguinte táboa:

	PREVISTAS NO PROGRAMA	REALIZADAS	Porcentaxe
ACTIVIDADES NON IPPC PROGRAMADAS	116	162	140 %
ACTIVIDADES NON IPPC NON PROGRAMADAS	115	195	170 %
UPA PROGRAMADAS	905	1446	160 %
UPA NON PROGRAMADAS	150	85	57 %

Hai que indicar que neste ano 2019, en relación coas inspeccións realizadas polos inspectores ambientais, houbo moitas inspeccións non programadas moi complexas que, dada a súa máxima prioridade, orixinou que se realizaran antes que as inspeccións programadas.

Ademais, incrementou notablemente a carga de traballo dos inspectores ambientais.

Por parte dos axentes da UPA realizáronse un número moi elevado de inspeccións programadas.

5. INSPECCIÓNS REALIZADAS POLOS INSPECTORES AMBIENTAIS

Realizáronse un total de 519 inspeccións de actividades por parte dos inspectores ambientais: 261 inspeccións programadas e 258 inspeccións non programadas.

As inspeccións programadas comprenden: as verificacións ambientais (Inspeccións de actividades IPPC que dispoñen de AAI), inspeccións programadas ou rutineiras a actividades non IPPC e as de traslado de residuos transfronteirizos.


As inspeccións non programadas comprenden as inspeccións de oficio, preceptivas, reactivas e de seguimento.

5.1. Inspeccións programadas a actividades con AAI


As inspeccións programadas ás actividades con Autorización Ambiental Integrada (AAI) comprenden as comprobacións periódicas de cumprimento dos condicionantes da AAI. A frecuencia coa que se realizan as primeiras depende do Índice de Risco Ambiental: anual para as de risco alto, bienal para as de risco medio e trienal para as de risco baixo.

Nas seguintes gráficas obsérvanse as 99 verificacións ambientais realizadas no ano 2019 distribuídas por principais sectores de actividade na primeira, e por provincias na segunda.

Verificacións ambientais 2019 por sector




**Verificacións ambientais 2019
por provincia**



5.2. Subprograma de Inspeccións Programadas de Actividades non IPPC

Na seguinte gráfica reflíctese o grao de execución dos subprogramas de inspeccións programadas a actividades non IPPC.

GRAO DE EXECUCIÓN POR SUBPROGRAMAS



Realizouse un número de inspeccións a desguaces (VFUs) moi elevado respecto das previsións iniciais debido a que se adaptaron á nova normativa legal un alto número de instalacións durante o ano 2019 que precisan que se realice unha inspección preceptiva previa á modificación da autorización.

Pola contra, realizáronse menos inspeccións das previstas inicialmente a instalacións de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEs) debido a que durante o ano 2019 non puideron adaptarse ás exixencias da normativa vixente nas previsións iniciais realizadas.



Se se trasladan estes datos a unha porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co programado, obtense a seguinte táboa:


	PROGRAMADAS	REALIZADAS	PORCENTAXE
PROGRAMADAS NON IPPC	146	136	93%
COVs	10	12	120%
APCAs	25	35	140%
RAEES	5	2	40%
VFUs	5	16	320%
VERTEDOIROs (Non AAI)	4	4	100%
XESTORES RCDs	25	15	60%
RESIDUOS DE ASFALTO	10	10	100%
GFO	20	12	60%
CONTROL DE RESIDUOS EN ESTRADAS INTERIORES GALICIA	30	30	100%

Debido ao elevado número de inspeccións non programadas que tiveron que realizar os inspectores ambientais, os subprogramas de inspeccións programadas de actividades con substancias que esgotan a capa de ozono trasládanse ao primeiro semestre de 2020; así como as inspeccións a fabricantes de tecnosolos, compost e fertilizantes, que se farán en coordinación coa Consellería do Medio Rural para establecer inspeccións conxuntas. Prevese a súa realización no ano 2020. Tamén algunhas das inspeccións dos subprogramas de GFO e Xestores de RCDs se trasladan ao ano 2020.

O subprograma de control de residuos en estradas interiores de Galicia realízase en colaboración coa Garda Civil de Tráfico e o SEPRONA.

5.3.Subprograma de control transfronteirizo de residuos

As inspeccións de traslados transfronteirizos de residuos fanse a operadores que exportan ou importan residuos, en portos de interese xeral e en estradas transfronteirizas con Portugal. Estes últimos son de dous tipos e fanse en colaboración coa Garda Civil e a *Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território* (IGAMAOT) de Portugal.



Se se trasladan estes datos a unha porcentaxe das inspeccións realizadas en relación ao programado, obténse a seguinte táboa:

Traslados transfronteirizos de residuos	Programados	Realizados	Porcentaxe
Operadores	10	12	120%
Portos e RENFE	5	6	120%
Estradas fronteirizas e próximas ás fronteiras	13	18	138%


Por ferrocarril (RENFE) e en varios portos de interese xeral do Estado non hai traslado transfronteirizo de residuos.

5.4. Subprograma de Inspeccións Non Rutineiras ou Non Programadas

5.4.1. Inspeccións non programadas a actividades non IPPC


Realizáronse un total de 184 inspeccións non programadas a actividades non IPPC. Na gráfica seguinte aparece o número de inspeccións de cada tipo: De oficio, preceptivas (previas a autorización), reactivas (a partir de denuncias, principalmente) e de seguimento.

Inspeccións non programadas non IPPC



Na seguinte gráfica reflíctese a porcentaxe destas inspeccións:

Inspeccións non programadas non IPPC




Obsérvase que a maioría son inspeccións preceptivas (previas a outorgar unha autorización ou para dala de baixa).

5.4.2. Inspeccións non programadas a actividades IPPC


O número de inspeccións non programadas realizadas a actividades IPPC foi de 59. A seguinte gráfica reflicte o número de inspeccións non programadas segundo sexan de oficio, reactivas (a partir de denuncias, principalmente), preceptivas (previas ao outorgamento dunha autorización) ou de seguimento.

Número de inspeccións non programadas IPPC



A distribución de inspeccións non programadas a actividades IPPC en porcentaxe, apréciase na seguinte gráfica:


Inspeccións non programadas IPPC



A maioría das inspeccións de oficio foron por emerxencia.

6. INSPECCIÓN REALIZADAS POLA UNIDADE DE POLICIA AUTONOMICA (UPA)

As seis sedes da UPA (A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo) realizaron un total de 1531 inspeccións. Destas, 1446 foron inspeccións programadas. Na seguinte gráfica aparecen as inspeccións programadas agrupadas por subprogramas:



O groso das inspeccións realizadas pola UPA corresponde aos subprogramas de vertedoiros incontrolados e de talleres de reparación de vehículos.

O cumprimento do programa obsérvase se se trasladan estes datos a unha porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co programado, obtense a seguinte táboa:

	Programadas	Realizadas	Porcentaxe
Vertedoiros incontrolados	550	758	138%
Vertedoiros selados	10	16	160%
Puntos limpos	10	12	120%
Produtores de RCDs	10	17	170%
Talleres	250	561	224%
Lodos EDARs	60	80	133%
Aceites vexetais	15	2	13%
TOTAL	905	1446	160%



Os subprogramas de lodos de depuradoras e aceites vexetais continuaránse no primeiro semestre de 2020.

7. INDICADORES AMBIENTAIS PROGRAMA 2019.

Para avaliar o resultado do traballo realizado pola Inspección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia empréganse os indicadores de actividade. Estes proporcionan información sobre o grao de execución do correspondente programa anual e a súa evolución temporal. Permiten revisar a eficacia e avaliar resultados do traballo da inspección ambiental.

Asociado a cada indicador hai un obxectivo a conseguir (valor numérico) e o grao de cumprimento (porcentaxe que indica a ratio entre o efectivamente realizado e o obxectivo a conseguir).

Indicadores de actividade:

Estes indicadores sintetizan a información sobre o número de inspeccións realizadas, tempo en realízalas e desviacións do número de inspeccións programadas (Os “Outputs” das inspeccións realizadas).

Tamén deben avaliar os resultados que permitan valorar os beneficios e a eficiencia da intervención administrativa (Os “Outcomes”).

Os indicadores de actividade empregados son:

I. Inspeccións anuais realizadas.

Este indicador é o número de inspeccións realizadas no ano.

O obxectivo a conseguir é que cada ano (incluído o ano 2019) se realicen un mínimo de 400 inspeccións polos inspectores ambientais, e que o número total de inspeccións a realizar (inspectores + UPA + OCA) sexa superior a 2.000 inspeccións ambientais



No ano 2019 os datos son os seguintes:

Número de inspeccións realizadas pola Inspección Ambiental	2019
Tipo de inspección	
Inspeccións programadas	162
Inspeccións Non programadas - Oficio	72
Inspeccións Non programadas - Preceptiva	83
Inspeccións Non programadas - Reactiva	58
Inspeccións Non programadas - Seguimento	45
Verificación ambiental	99
Total Inspectores ambientais	519
Investigación policial	1531
Vixilancia ambiental	80
TOTAL INSPECCIÓN S AMBIENTAIS	2130

Nº de inspeccións realizadas polos inspectores ambientais: 519.

Obxectivo: 400.

Porcentaxe de cumprimento do indicador: 130%

Nº total de inspeccións realizadas: 2130.

Obxectivo: 2000.

Porcentaxe de cumprimento do Indicador: 106%

II. Cumprimento do Programa de Inspección Ambiental

Indicador que reflicte se se cumpriron os obxectivos indicados no Programa de Inspección Ambiental. Este indicador reflicte paralelamente a calidade da planificación realizada.

No apartado 7 do Programa de Inspección Ambiental 2019 (incluída a revisión realizada en Xullo de 2019) inclúense os obxectivos a conseguir en cada Subprograma, que é un valor numérico das inspeccións que se planifican ou estiman para realizar no ano 2019.



Asociado a estes obxectivos atópase o Grao de Cumprimento que se expresa coma unha porcentaxe e que sería para cada subprograma a ratio das inspeccións que realmente se realizan entre o número fixado coma obxectivo.

O obxectivo a conseguir é realizar un 80% de inspeccións en cada Subprograma.

Cumprimento	90-100%	80-89%	70-79%	60-69%	< 60%
Resultado	Excelente	Moi bo	Bo	Aceptable	A revisar

Indícanse seguidamente os diferentes subprogramas realizados polos Inspectores ambientais, pola UPA e pola OCA.

A.- INSPECTORES AMBIENTAIS.

- ✓ Programadas IPPC “Verificacións Ambientais”. Cumprimento: 90%. Resultado: Excelente
- ✓ NON Programadas IPPC. Cumprimento: 148%. Resultado: Excelente
- ✓ Programadas NON IPPC: Cumprimento: 93%. Resultado: Excelente
- ✓ Non Programadas NON IPPC: Cumprimento: 160%. Resultado: Excelente
- ✓ Programadas Traslados de residuos Transfronteirizos: Cumprimento: 128%. Resultado: Excelente
- ✓ Non Programadas Traslados de residuos Transfronteirizos: Non se solicitou, nin se realizou ningunha no ano 2019

B.- UPA.

- ✓ Programadas. Cumprimento: 160%. Resultado: Excelente
- ✓ Non programadas. Cumprimento: 57%. Resultado: A Revisar

Na programación anual faise unha previsión das inspeccións non programadas da UPA en base ás cifras de anos anteriores. Para o ano seguinte rebaixarase esta cifra e observarase a súa evolución en vindeiros anos.



C.- OCA (Realización de inspeccións en “produtores de residuos” que os califican en orixe con código LER 19.12.12.)

✓ Programadas. NON IPPC. Cumprimento: 106%. Resultado: Excelente

III. Indicador de prioridade e tempos

Este indicador valora o tempo de realización da inspección tendo en conta as prioridades de cada inspección.

As inspeccións programadas ás actividades con AAI son un caso especial. Nestas inspeccións xa está programada a realización dunha verificación por mes para cada inspector/a.

Nas demais inspeccións, dependendo da prioridade que leven asociadas, unha vez solicitada a inspección, deberá realizarse no período de tempo que se indica na seguinte táboa:

Prioridade	Urxente	Prioridade 1	Prioridade 2	Normal
Tempo	< 5 días	< 30 días	< 60 días	<90 días

O obxectivo deste indicador é cumprir o 80% dos tempos indicados.

- ✓ Urxente: Grao de cumprimento: 100%.
- ✓ Prioridade 1: Grao de cumprimento superior ao 80%.
- ✓ Prioridade 2: Grao de cumprimento: 100%.
- ✓ Normal: Non se realizou ningunha inspección.